



Campamentos de verán 2021

Publicado no DOG nº 92 do 19 de maio de 2021

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado convoca a Campaña de verán 2021 cun programa de actividades cun claro compoñente de educación non formal destinadas á xuventude no ámbito do lecer e o tempo libre

Poden solicitar a súa participación nas actividades ofertadas nesta convocatoria as persoas mozas residentes en Galicia.

Requisitos:

- Idade mínima e máxima para participar na Campaña de verán 2021: As persoas nadas no ano 2003 non poderán cumprir 18 anos antes da finalización do campamento. As persoas nadas no ano 2012 deberán ter cumpridos 9 anos ao inicio do campamento.
- Para ser admitido/a no campamento será necesario non padecer enfermidade

transmisible con risco de contaxio nin sintomatoloxía compatible co COVID-19.

- Saber nadar para os campamentos que inclúan na súa programación actividades de auga.
- Ningunha persoa participante poderá ser admitida en máis dun campamento por ano. A praza adxudicada será intransferible.

Prazas de inclusión: As persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar nesta convocatoria cumprindo os **seguintes requisitos:**

- a) Facer constar a súa condición na solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisar.
- b) Que no certificado de recoñecemento de discapacidade non se recolla a necesidade de axuda de terceira persoa.

- c) Ter capacidade de integración nun grupo e que as súas limitacións e/ou necesidades especiais lles permitan participar e beneficiarse das actividades que se van desenvolver no destino que soliciten. En función do tipo de discapacidade, poderá exceptuarse, de ser o caso, o requisito de saber nadar. Neste suposto, a persoa menor con discapacidade non poderá participar nas actividades de auga.

As persoas **menores en situación de tutela** ou garda pola Administración e que se atopen en acollemento residencial poderán participar nesta convocatoria e deberán indicar esta condición no anexo de solicitude, marcando o recadro correspondente.

Tipos de solicitude:

As solicitudes poderán presentarse de forma individual ou múltiple

- As persoas que presenten unha *solicitude individual* de prazas deben utilizar o formulario [BS303A](#)
- As persoas con discapacidade que opten polo procedemento das *prazas reservadas para inclusión* deben utilizar o formulario [BS303G](#)
- As persoas que presenten unha *solicitude múltiple* deben empregar o formulario [BS303F](#)
- As persoas con *discapacidade que presenten unha solicitude múltiple* para prazas reservadas para inclusión deben utilizar o formulario [BS303H](#)

A solicitude múltiple admitirase para o suposto de dous/dúas, tres e ata catro irmáns/ás. As persoas menores que convivan no domicilio en situación de acollemento familiar tamén se poderán incluír na solicitude múltiple, equiparándose a súa situación a dos/as irmáns/as.

Oferta de prazas tanto para inclusión como prazas xerais:
<http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran/anexos-accion-de-veran>

Descontos:

As familias numerosas e familias monoparentais terán un desconto do 50 %
As persoas usuarias do Carné xove gozarán dun desconto do 25 %

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o 28 de maio de 2021

Máis información en <http://xuventude.xunta.es/accion-de-veran>